

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN NA CONSECUCIÓN DE BENEFICIOS E VANTAXES DESTINADOS ÁS FAMILIAS NUMEROSAS GALEGAS, NO ANO 2022.

No lugar e na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, Francisco José Conde López como vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación actuando en nome e representación da conselleira de Política Social e Xuventude en virtude do Decreto 153/2022, do 13 de setembro, polo que se lle encarga o despacho dos asuntos da Consellería de Política Social e Xuventude, durante a ausencia da súa titular, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia; o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991(DOG N° 82, do 30 de abril).

E doutra, Don Luís Sánchez González, presidente da Asociación Galega de Familias Numerosas, con DNI 76319881Q, que actúa en nome e representación da entidade, co NIF G15428600, en virtude do nomeamento que tivo lugar na reunión da Xunta Directiva da asociación o 29. 10.2020, de conformidade co artigo 12 dos estatutos da entidade.

Ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime



xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude desta competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social e Xuventude, ao abeiro do disposto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de asistencia social incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado.

CUARTO. Que dentro da política do Goberno en apoio á familia, a Xunta de Galicia puxo en marcha entre outras medidas, durante o ano 2001, o carné familiar que é unha tarxeta gratuíta, persoal, intransferible e non financeira que facilita a identificación dos membros das familias numerosas e permite a estes o acceso a descontos e outro tipo de vantaxes que se poidan ofrecer as familias numerosas.

QUINTO. Que a Asociación Galega de Familias Numerosas (NIF G15428600) é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro central de Asociacións co número 2009-13114-1 que ten entre as súas funcións a defensa das familias numerosas, colectivo comprendido no ámbito competencial desta Consellería de Política Social e Xuventude.

A entidade ten o recoñecemento e inscrición no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co núm. E-3218,

Así mesmo, asume entre os seus obxectivos a consecución da obtención das vantaxes máis beneficiosas para as familias numerosas en todos os ámbitos e especificamente en ocio, cultura, hostalería e outros similares.

Para iso, realiza unha labor de difusión entre as familias dos beneficios e vantaxes das medidas de apoio nos diversos ámbitos, así como da captación de empresas e entidades en xeral para a adopción das maiores vantaxes destinadas ás ditas familias numerosas, tanto en relación ás que xa veñen desenvolvendo as ditas medidas como das que se poidan incorporar a dita iniciativa.



SEXTO. Que a Consellería de Política Social e Xuventude, a través da dirección xeral competente en materia de familia, está interesada en apoiar esta actuación da Asociación Galega de Familias Numerosas como medida de apoio e axuda ás familias numerosas, mediante a concesión dunha subvención pública a través da formalización dun convenio de colaboración.

O carácter singular deste instrumento, sen convocatoria pública, xustifícase na exclusión da concorrència polo interese público que se persegue acadar, tendo en conta que a Asociación Galega de Familias Numerosas traballa en prol deste colectivo considerado de especial consideración e necesitado dun trato máis favorable de acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Ademais é a única entidade de natureza asociativa de familias numerosas que existe a nivel autonómico e, polo tanto, a única que ten como obxectivo protexer e favorecer ás familias numerosas, o que fai que non sexa posible promover a concorrència pública de cara á concesión dunha subvención para tal fin.

O proxecto cumpre polo tanto, cos seguintes requisitos:

- O artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O artigo 19.4.c) da mesma lei que establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.
- O artigo 9 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, que inclúe as familias numerosas como un dos grupos de familias de especial consideración, o que supón desenvolver a prol delas un trato preferente en diferentes ámbitos segundo o que establece a normativa sectorial correspondente, obriga recollida no artigo 18.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social e Xuventude considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto do presente convenio a concesión directa dunha subvención pública destinada ao financiamento pola Consellería de Política Social e Xuventude das actuacións desenvoltas pola Asociación Galega de Familias Numerosas consistentes na difusión dos beneficios e das vantaxes dos programas e medidas destinadas ás familias numerosas e do desenvolvemento de accións de captación de empresas e entidades en xeral que ofrezan vantaxes, como medidas de apoio e axudas ás ditas familias.



SEGUNDA. ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES

A Asociación Galega de Familias Numerosas, realizará as seguintes actuacións que son obxecto de subvención:

- a) Cooperar na defensa, mellora e perfeccionamento dos dereitos outorgados ás familias numerosas na lexislación vixente e o asesoramento e información aos asociados acerca dos seus dereitos e prestacións.
- b) Informar as empresas e entidades en xeral e incentivar a novas empresas a aplicar medidas, actuacións e beneficios que favorezan ás familias numerosas como, entre outros, as que leva consigo o carné familiar galego.
- c) Realizar unha labor de difusión de información entre os seus asociados e as familias numerosas con carácter xeral acerca dos beneficios que estas poden obter.

TERCEIRA. ORZAMENTO

1. O convenio financiarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude para o ano 2022.

Aplicación orzamentaria	Ano 2022
13.02.312B.481.0	26.365,10 €

2. A achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade coa que se subscribe o convenio.

CUARTA. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

QUINTA. OBRIGAS

1. Para poder ser beneficiaria da axuda, a Asociación Galega de Familias Numerosas deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia en concordancia co artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que de seguido se relacionan:



- a) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarados insolventes en ningún procedemento, non ter sido declarados en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme ao Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non dar lugar, por causa da que foran declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal de outras persoas xurídicas en algún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A Asociación Galega de Familias Numerosas debe cumprir, ademais, coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e que son, entre outras, as seguintes:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Xuventude, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



c) Comunicar á Consellería de Política Social e Xuventude, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que esta ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola consellería agás oposición expresa da persoa solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previsto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada (cláusula segunda) e se realicen no prazo establecido no convenio.

2. A subvención destinarase a satisfacer os gastos derivados das actuacións a subvencionar dende o 1 de xaneiro de 2022 ao 30 de novembro de 2022.

AGAFAN	CUSTO
Nóminas de persoal	15.842,54€
Alugueiro oficina	8.707,56€



Mantemento web	1.815,00€
TOTAL GASTOS	26.365,10 €

3. A data límite de xustificación será o 30 de novembro do ano 2022. Non obstante, si existen cotas de seguros sociais de liquidables con posterioridade á data de xustificación mais do ano 2022 estas terán como data límite o 15 de xaneiro do ano seguinte.

Axuda da Consellería de Política Social e Xuventude	26.365,10€
Período de realización de gastos e pagos	1 de xaneiro ao 30 de novembro
Data límite da presentación da documentación xustificativa	30 de novembro

4. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

5. En ningún caso consideráranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

6. Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que tales custos correspondan o período no que efectivamente se realiza a actividade.

7. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA. CONDICIÓN DE PAGAMENTO

1. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados.

b) O 20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

2. Para a xustificación dos pagamentos deberán presentar :



a) Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste:

1º. Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado a través deste convenio que deberá indicar os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, e NIF da persoa traballadora, base do Imposto da Renda das Persoas Físicas, retribución líquida e bruta mensual de cada unha delas, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado. Ademais deberanse achegar os documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC, TC1)).

2º. Unha relación clasificada dos gastos, con identificación do concepto, o proveedor, o importe (IVE detallado), a data de emisión e a data de pagamento.

b) Unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

c) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba ter solicitado.

d) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

3. Así mesmo, antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade deberá presentar ademais dos documentos os que se refire o número 2 desta cláusula, unha memoria da actuación obxecto do programa, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

4. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañadas dos documentos que xustifiquen os pagamentos.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

5. A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da dirección xeral competente en materia de familia, poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos



elaborados polas administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a documentación que a continuación se relacionan, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

- a) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- b) Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.
- c) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

6. Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.

OITAVA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

NOVENA. PUBLICIDADE DAS ACTUACIÓNS

A Asociación Galega de Familias Numerosas deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa de acordo co disposto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño e do artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro de subvencións de Galicia.

DÉCIMA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será



obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

3. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, créase unha comisión mixta de seguimento como órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

a) A persoa titular da dirección xeral competente en materia de familia, que exercerá a presidencia da comisión. No caso de ausencia, vacante ou enfermidade, a suplencia asumirase de acordo co establecido no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

b) O/a presidente/a da entidade beneficiaria, ou unha persoa da entidade que o/a substitúa.

3. A secretaría, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle a quen designe a persoa titular da presidencia da comisión, de entre o persoal funcionario da dirección xeral competente en materia de familia. Contará con voz pero sen voto.

4. Esta comisión rexerese en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS



1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderá a esta.
2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Consellería de Política Social e Xuventude de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMA TERCEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.



A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO CUARTA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
- c) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- d) Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO QUINTA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais normativa de aplicación.



Así mesmo, este convenio esta excluído do ámbito de aplicación Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben, observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

DÉCIMO SEXTA. CUESTIÓNS LITIXIOSAS

Correspóndelle á Consellería de Política Social e Xuventude a resolución das cuestión litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos do presente convenio e os seus acordos poñen fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común ou directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMO SÉTIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2022. Non obstante, abranguerá os gastos das accións obxecto do programa que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2022.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio no lugar e data da súa sinatura dixital

A Conselleira de Política Social e
Xuventude

P.A. Decreto 154/2022, do 13 de setembro
(Diario Oficial de Galicia nº175, do
14.09.2022)

O Vicepresidente primeiro e conselleiro de
Economía, Industria e Innovación

Francisco José Conde López

O Presidente da Asociación Galega de Familias
Numerosas

Luís Sánchez González

